



ACORDO MARCO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS MÁIS REPRESENTATIVAS DO ENSINO CONCERTADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA A XESTIÓN DA INFORMACIÓN EDUCATIVA E ADMINISTRATIVA DOS CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS A TRAVÉS DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E CONXUNTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS RELACIONADAS PARA A XESTIÓN ACADÉMICA E ADMINISTRATIVA POLOS CENTROS EDUCATIVOS

Santiago de Compostela,

1 SET. 2016

REUNIDOS

Dunha parte:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (Diario Oficial de Galicia núm. 27, do 10 de febreiro de 2015) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra parte:

Don Xosé Francisco Martínez Reboiras, Secretario Autonómico da Federación Educación e Xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Don Alfonso García Sanmartín, Presidente da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado de Galicia.(CECE-GALICIA)

Don Alfonso D. Fernández Rodríguez, Presidente da Asociación de Centros de Ensino de Economía Social de Galicia (ACES-GALICIA)





Os intervenientes no presente acordo actúan en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades, recoñecendo mutua capacidade para obrigarse por este acto,

EXPOÑEN


I. O Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, declara no artigo 31, que é da competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece no seu artigo primeiro que é da competencia desta consellería a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, logo de iniciar o preámbulo da lei declarando que as sociedades actuais conceden gran importancia á educación, na convicción de que dela depende tanto o benestar individual como o colectivo, no título preliminar incide en diferentes aspectos para subliñar que o sistema educativo configurado nos valores da Constitución e inspirado no respecto dos dereitos e liberdades garantidos nela, ten como principio a calidade da educación para todo o alumnado.

II. Os poderes públicos deben aplicar a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no marco do artigo 27 da Constitución, que recoñece a liberdade de ensinanza xunto co dereito á educación, o principio de participación efectiva de todos os sectores afectados e a programación xeral da ensinanza, por ser piares fundamentais do noso sistema educativo.

III. A Administración educativa precisa de información actualizada para a programación e xestión do sistema educativo en Galicia e tamén con fins estatísticos, actuando para tales efectos, dentro do marco legal establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.





IV. Que os centros educativos teñen a obriga, conforme á normativa vixente, de proporcionar gran parte desa información, independentemente do soporte ou medio que se utilice para iso, xa que son eles os que a reciben, a custodian ou a xeran.

V. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispón dun sistema de información e un conxunto de aplicacións informáticas relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros, cunhas funcionalidades básicas que abarcan todas as ensinanzas obrigatorias, o bacharelato, os ciclos formativos e a ensinanza de persoas adultas, a xestión do profesorado e persoal non docente (altas e baixas, datos persoais e profesionais dos docentes así como do alumnado, xestión de todas as fases do proceso de admisión de alumnado, modificacións da matrícula, xestión completa de expedientes, e outras que teñen por obxecto xerar informes en formatos diversos, segundo os casos, para os efectos da elaboración de estatísticas e outras funcionalidades incluídas na aplicación informática).

VI. Que a xestión que ofrece o programa intégrase no sistema educativo de Galicia, de xeito que permite a interrelación entre os centros docentes e a administración educativa, permitindo ademais, crear distintos usuarios que teñan acceso soamente a determinados campos de información, dependendo das súas funcións.

VII. Que a prestación do servizo público de educación realízase a través dos centros públicos e privados concertados e, neste ámbito, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regular a admisión de alumnado nos centros públicos e privados concertados, de tal xeito que se garanta o dereito a educación, o acceso en condicións de igualdade, a liberdade de elección de centros e, así mesmo, a igualdade na aplicación das normas de admisión, o que inclúe, o establecemento das mesmas áreas de influencia para os centros públicos e privados concertados.

VIII. O Decreto 254/2012, do 13 de decembro e a Orde do 12 de marzo de 2013, de desenvolvemento do anterior, regulan a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como o procedemento para a admisión de alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes sostidos con fondos públicos, incluídos os centros privados concertados.





IX. A normativa reguladora dos concertos educativos está contida na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, e na orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2013/14 e seguintes, e se realiza a súa convocatoria. O Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, establece as normas e o procedemento para realizar a subscripción dos concertos, así como para a súa renovación e modificación de oficio ou por instancia de parte.

Doutra banda, a Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, ciclos formativos de grado medio e superior, especifica no artigo 14 apartado 4) que mediante a sinatura do concerto e durante a vixencia deste, a persoa titular do centro obrígase á colaborar coa Consellería en todos aqueles programas dirixidos ou que teñan relación cos centros concertados, por iso, nos correspondentes acordos polos que se establecen o procedemento e condicións para a implantación de programas estratéxicos para a integración plena das novas tecnoloxías e dos sistemas de comunicación (TIC) nos centros docentes concertados de Galicia, como é o proxecto Abalar, diferentes centros docentes concertados comprométense a facer uso das aplicacións corporativas de xestión académica.

X. O dereito da Administración educativa a dispoñer da información necesaria para o exercicio das súas funcións docentes e orientadoras, así como a autonomía de xestión dos centros concertados no marco da lexislación vixente, e o seu dereito a contar con sistemas propios de xestión, provoca que se distingan diferentes procedementos de xestión da información:

1º- Procedementos que deben implementar necesariamente todos os centros nas aplicacións da Consellería.

2º- Procedementos que poden implementarse tanto nas aplicacións da Consellería como mediante aplicacións propias dos centros.

XI. Coa finalidade de facer extensible aos centros concertados de Galicia o uso de ferramentas adecuadas para a xestión da información que reciban, xeren ou custodien no seu ámbito de actuación educativa e administrativa, para fins estatísticos e de organización do sistema educativo, establécese un marco de actuación conxunta na xestión desa información a través das aplicacións informáticas relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros.



Polo exposto, as partes,

ACORDAN

Primeiro: Obxecto

1. Establecer un marco de actuación conxunta para o establecemento das condicións, nas que os referidos centros, poden xestionar a información educativa e administrativa que reciban, xeren, e/ou custodien a través das distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros.

2. A propiedade das aplicacións que conforman o sistema informático corresponde á Xunta de Galicia, e os centros privados concertados utilizaranas para contribuír a unha xestión máis áxil e coordinada da información necesaria para a programación do sistema educativo.

Segundo: Información que require a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para os efectos do disposto neste acordo a información que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria necesita para a programación e xestión do sistema educativo con fins estatísticos é a que se especifica nos puntos 1 e 2 da presente cláusula, ademais daquela outra, que a evolución do sistema educativo puidera requirir e que poderá consensuarse, segundo as necesidades de cada momento, para cada curso escolar, de ser ó caso, no acordo de renovación que se subscriba ao abeiro da cláusula sétima deste acordo.

1. Procedementos que os centros implementarán necesariamente nas distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros:

- a) Proceso de admisión de alumnado (ordinario e extraordinario) e matriculación.
- b) Xestión completa de avaliación do alumnado: inicial, continua, cualificacións finais expedientes académicos.
- c) Solicitudes de títulos.
- d) Xestión da formación en centros de traballo.

2. Procedementos que pertencen exclusivamente á xestión propia do centro, para os que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria definirá os parámetros





técnicos e a súa temporización en relación á información a subministrar, e que serán implementados progresivamente nas distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros, se o centro concertado, por vontade propia, manifesta interese na súa aplicación:

- a). Xestión do profesorado e do persoal non docente (altas e baixas, departamentos e equipos docentes, datos persoais e profesionais, horarios...)
- b). Xestión de actividades non lectivas.
- c) Xestión de horarios e grupos con asignación do profesorado.

Terceiro: Compromisos das partes


1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solicitará e utilizará exclusivamente a información estritamente necesaria para a programación e xestión educativa e a que se requira con fins estatísticos.

2. En relación a aqueles procedementos establecidos na cláusula segunda, 1) do presente acordo, que todos os centros deben implementar necesariamente nas distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros, os centros docentes concertados deberán incorporarse á xestión destes, a través das ditas aplicacións.

3. En relación aos procedementos previstos na cláusula segunda, 2), que os centros poden implementar voluntariamente nas distintas aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros, se optan por tal opción, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, garantirá que os datos introducidos sexan accesibles exclusivamente ao centro de ensino privado concertado e a administración educativa mediante o sistema de permisos oportunos.

4. Nos supostos previstos nos apartados 2) e 3) da presente cláusula a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese ao desenvolvemento e mantemento das ditas aplicacións, á formación das persoas usuarias, o soporte a estas e ao correcto uso dos datos introducidos.

5. Para o caso que o centro xestione con aplicacións informáticas propias os procedementos previstos na cláusula segunda apartado 2), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co apoio tecnolóxico da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), definirá os datos que se requiran en cada momento, a súa temporización e os parámetros técnicos que deba cumprir a información. Os centros comprométese a financiar os desenvolvementos informáticos que se precisen para que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispoña daquela información, que consonte a normativa vixente, están obrigados a subministrar conforme aos parámetros técnicos que se especifiquen en cada caso.





6. No suposto previsto no apartado anterior, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co apoio tecnolóxico da AMTEGA, garantirá a compatibilidade do sistema informático propio da Xunta de Galicia cos sistemas de xestión propios utilizados polos centros concertados, que serán compatibles cos da Xunta de Galicia.

7. Os centros privados concertados, que se adhiran ao presente acordo marco, manifestaran por escrito a súa conformidade no modelo de adhesión que se inclúe como anexo ao presente acordo marco. No referido documento, os diferentes centros privados concertados manifestaran a súa opción respecto da implementación informática dos procedementos que pertencen exclusivamente a xestión propia do centro previstos na cláusula segunda, apartado 2) do presente acordo, tendo en conta que nestes casos a utilización das aplicacións relacionadas para a xestión académica e administrativa de centros é voluntaria.

8. As organizacións empresariais asinantes do presente acordo comprométense a trasladar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a adhesión expresa dos seus respectivos centros privados asociados antes do 12 de setembro de 2016.

9. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

Cuarto: Utilización dos datos

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria velará para que os datos se utilicen adecuadamente, ou de ser ó caso, para o cumprimento da finalidade que tivera motivado a súa solicitude.

2. En calquera caso, para o tratamento da información ambas as dúas partes estarán obrigadas ao seguimento das normas sobre cofidencialidade dos datos, e responsabilizaranse de que o tratamento dos datos de carácter persoal que se realice no marco da execución do presente acordo se efectúe de conformidade coas instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, sendo, así mesmo, de aplicación o artigo 12 da citada LOPD e o seu desenvolvemento regulamentario. Igualmente, observáranse as cautelas previstas na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.



Quinto: Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, as entidades asinantes aceptan e consisten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sexto: Comisión de seguimento

1. Para o bo desenvolvemento do presente acordo establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo.

2. Nesta comisión actuarán como representantes por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dous/dúas funcionarios/as designados ou designadas pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería, e por parte das organizacións patronais mais representativas da ensinanza privada concertada, dous/dúas representantes designados ou designadas por aquelas.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- a). Velar polo cumprimento do acordo.
- b). Impulsar e desenvolver o acordo.
- c). Concretar, seguir, interpretar e avaliar a execución do presente acordo.
- d). Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- e). Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- f). En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a ela poderán ser convocados aquel persoal técnico que, con carácter asesor, designen as partes.





Sétimo: Aspectos tecnolóxicos que inciden nas competencias da Amtega

A AMTEGA é o órgano da Xunta de Galicia que dirixe e xestiona o proceso de modernización desta no ámbito das TIC, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, así como o responsable do deseño e execución dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á operativa informática da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e execución dos aspectos tecnolóxicos derivados do presente acordo solicitará o asesoramento e asistencia técnica daquel órgano.

Oitavo: Duración do acordo

O presente acordo estará vixente a partir do comezo do curso escolar 2016/2017, ata o seu remate, agás que sexa denunciado cun mes de antelación polo menos, por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen. Poderá prorrogarse sucesivamente, de forma expresa por curso escolar completo ata un máximo de catro, mediante a subscripción da correspondente addenda de renovación.

Noveno: Causas de resolución

1.-O presente acordo quedará resolto polas seguintes causas:

- Polo cumprimento do prazo de duración.
- Polo consenso mutuo das partes asinantes debidamente xustificado.
- Polas causas xustificadas que fixeran imposible ou dificultasen de forma significativa continuar a execución do acordo.
- Polo incumprimento por algunha das partes das cláusulas pactadas no presente acordo.

2.-A resolución do presente acordo levará aparellada, de ser o caso, para a parte culpable, a responsabilidade que do incumprimento se derive.

Décimo: Réxime xurídico

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste acordo resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso administrativa.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Este acordo marco de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en cada unha das cláusulas estipuladas, e como proba de conformidade subscribítese, por cuaduplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

Pola Federación Educación e
Xestión

Xosé Francisco Martínez Reboiras

Por CECE-GALICIA,

Alfonso García Sanmartín

Por ACES-GALICIA,

Alfonso D. Fernández Rodríguez



ANEXO I

MODELO DE ADHESION

O centro docente privado

Denominación do centro:.....

Representante legal do centro:.....

Enderezo:.....



Considerando:

- O contido do acordo marco entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais máis representativas do ensino concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, para a xestión da información educativa e administrativa dos centros privados concertados, a través do sistema de información e conxunto de aplicacións informáticas relacionadas para a xestión académica e administrativa polos centros educativos.
- A necesidade da Administración educativa de obter información actualizada para a programación e xestión do sistema educativo de Galicia, e tamén con fins estatísticos, dentro do marco establecido legalmente.
- Que os centros docentes teñen a obriga, conforme á normativa vixente, de proporcionar gran parte desa información, independentemente do soporte ou medio que se utilice para iso.

ACORDA :

A súa adhesión ao acordo marco suscrito para a xestión da información educativa e administrativa do centro docente a través do sistema de información e conxunto de aplicacións informáticas relacionadas para a xestión académica e administrativa polos centros educativos, nos termos que se establecen a continuación.

Esta adhesión supón para o centro docente o seguinte:

1) Implementar con carácter necesario nas distintas aplicacións do sistema informático a información que se xere nos seguintes procedementos:

- a) Proceso de admisión de alumnado (ordinario e extraordinario) e matriculación.





b) Xestión completa de avaliación do alumnado: inicial, continua, cualificacións finais expedientes académicos.

c) Solicitudes de títulos.

d) Xestión da formación en centros de traballo.

2) Implementar voluntariamente nas distintas aplicacións do sistema informático a información que se xere nos seguintes procedementos: (marcar as casiñas que correspondan)

☐ Xestión do profesorado e do persoal non docente (altas e baixas, departamentos e equipos docentes, datos persoais e profesionais, horarios...)

☐ Xestión de actividades non lectivas.

☐ Xestión de horarios e grupos con asignación do profesorado.

3) Facultar á organización empresarial (nome da organización empresarial) para a realización das xestións e trámites necesarios para a efectividade do acordo suscrito e comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o alcance da prórroga da dita adhesión expresa deste centro docente, de conformidade co previsto na cláusula terceira do acordo marco.

Data e sinatura

A persoa titular do centro privado concertado

